

**C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA MATERIA**

Materia	RELIXIÓN CATÓLICA		Páx.	1
Curso/Ciclo	2º Curso de Educación Primaria			
Profesor/a	Hermitas Villanueva Martínez			
CONTIDOS				
1.ª AVALIACIÓN	2.ª AVALIACIÓN	3.ª AVALIACIÓN		
Temas 1-3 <b>Deus quere que sexamos felices</b> - Deus, Pai da humanidade, quere a nosa felicidade. - Deus crea ao home para ser o seu amigo. O Paraíso como signo de amizade. <b>A Biblia fálanos do amor de Deus</b> - A Biblia narra o que Deus fixo na historia. - Deus actúa na historia e inspira aos autores bíblicos. <b>Naceu o Salvador</b> - O Nadal: nacemento do Salvador. - Xesucristo, Fillo de Deus e Salvador.	Temas 4-6 <b>Deus escolle un pobo</b> - Deus actúa na historia. A amizade de Deus cos patriarcas. - Deus propón ao home un camiño de encontro con El. <b>Historia do pobo escollido</b> - Deus actúa na historia: a amizade de Deus con Moisés. - Deus propón ao home un camiño de encontro con El: os Mandamentos. <b>Xesús sálvanos</b> - A conmemoración da Pascua de Xesús. - Xesús entrégase para salvarnos do pecado e da morte.	Temas 7-9 <b>A comunidade da bautizados</b> - O Bautismo: incorporación á Igrexa. - A unidade eclesial: fillos dun mesmo Pai. <b>María, a Nai boa</b> - Deus elixe a María para o seu Fillo fágase home. - Seguindo a María podemos chegar a Xesús. <b>Os cristiáns celebramos</b> - A importancia da celebración na vida cristiá. - A Eucaristía		
OBXECTIVOS				
Descubrir que, na Biblia, Deus comunica ás persoas as súas ensinanzas e amor. Tomar conciencia da importancia de amar os demais e de cumprir as boas promesas. Observar xestos de amor que enchen de alegría e felicidade. Identificar as panxoliñas como cancións de alegría polo nacemento de Xesús. Descubrir as ensinanzas e as parábolas de Xesús. Identifica algunhas respostas dos cristiáns ao amor de Deus. Tomar conciencia de que os Dez Mandamentos son un regalo do amor de Deus ás persoas. Tomar conciencia de que Deus Pai enviou o seu Fillo para salvarnos. Descubrir como o Espírito Santo vive no noso corazón e nos enche de vida. Valorar a fe na vida eterna dos cristiáns. Descubrir as principais festas da Igrexa sobre María. Valorar o domingo como a principal festa cristiá.				
METODOLOXÍA				
-Será <b>activa, creativa e participativa</b> ; partindo do que xa saben para chegar a novos coñecementos favorecendo as actitudes de respecto colaboración cos seus compañeiros e o interese por aprender. -Promóvese a interacción co mundo, impulsa que o alumno/a aprenda a aprender.				
CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN				
Apreciar a bondade de Deus Pai que creou ao home con este desexo de felicidade Recoñecer a Biblia como Palabra de Deus na nosa vida. Recoñecer a Xesús como Fillo de Deus e Salvador. Coñecer e valorar na vida dos patriarcas os rastros de Deus Pai; protección, coidado e acompañamento Coñecer os Mandamentos e a súa relación con Deus e cos irmáns Recoñecer o significado da morte e a resurrección de Xesús. Recoñecer o Bautismo como medio para formar parte da Igrexa. Descubrir en María un modelo para seguir a Xesús. Vincular a Eucaristía coa Última Cea		Descubre e nomea situacións nas que necesita ás persoas, e sobre todo a Deus, para vivir. Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia. Dá razóns de por que o Nadal é unha data importante para os cristiáns. Dramatiza momentos da vida dos patriarcas onde se exprese a protección, o coidado e o acompañamento de Deus. Vincula a tarefa de Moisés coa vontade de Deus. Relata os acontecementos da paixón, morte e resurrección. Asocia os elementos materiais da auga, a luz e o óleo co seu significado sacramental. Recoñece na vida de María o plan de Deus para os seres humanos. Destaca a centralidade do Corpo e sangue de Cristo na celebración eucarística		